

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O grupo parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda, por medio dos seus integrantes **Yolanda Díaz Pérez, Ramón Vázquez Díaz e Xabier Ron Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei para o seu debate no Pleno**, relativa ao denominado centro de investigación de Rozas.

Exposición de motivos

Publicidade descontrolada en campaña electoral e controlada opacidade diante das demandas de información presentadas por este grupo parlamentario. Hai meses que a Xunta sostén a ladaíña de Rozas como centro de investigación e onte, coas urxencias electorais, a Xunta anuncia o investimento ate 2020 de 45 millóns de euros para constituír un polo industrial e tecnolóxico de avións non tripulados en Galicia. Cómpre lembrar que a Xunta aínda oculta o convenio asinado co ministerio de Defensa para converter nunha base experimental de drones o Aeródromo de Rozas no Concello de Castro de Rei (Lugo). Que hai que ocultar?

Ben, agora anunciase que a Xunta vai contratar un ou varios socios tecnolóxicos para que desenvolvan un plan de investimento asociado cunha contratación que prefigura outra privatización por importe de ate 25 millóns de euros.

O outro anuncio suporá gastar 20 millóns de euros en compra pública innovadora de tecnoloxías novas xa desenvolvidas. Iso si, a partires do ano que vén e sen máis especificacións.

Gasto que se anuncia tras o dos 10 millóns de euros anunciados para adaptar Rozas ás esixencias da OTAN.

Todos estes anuncios acaecen logo de terse publicado no DOG a Lei 13/2011, de 16 de decembro, reguladora de la política industrial de Galicia, iso si, publicada o 2 de xaneiro do 2102.

Sen política industrial e sometida a Xunta ao imperativo de facer de Rozas un espazo atractivo para a OTAN, este grupo parlamentar formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate no Pleno:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a facer públicos os contidos do convenio asinado pola Xunta de Galicia co Ministerio de Defensa para o establecemento dunha base para a experimentación con drones.
- O Parlamento Galego insta á Xunta a que clarexe que recursos económicos, así como a procedencia de estos, vai investir en Rozas.
- O Parlamento Galego insta á Xunta a que informe acerca das certificacións e autorizacións da Axencia Estatal e Europea de Seguridade Aérea para a realización de probas con avións non tripulados no territorio Galego.
- O Parlamento Galego insta á Xunta a que publique a documentación e estudos que dan razón da privatización do non nato e denominado centro de investigación de Rozas.
- O Parlamento Galego insta á Xunta a facer públicos os criterios respecto do plan de investimentos asociado á privatización e as previsións da Xunta en materia de compra pública innovadora vinculada a industria dos drones.

En Compostela, a 29 de maio do 2015.

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:



Ramón Vázquez Díaz na data 29/05/2015 12:25:37

Yolanda Díaz Pérez na data 29/05/2015 12:25:42

Jose Javier Ron Fernandez na data 29/05/2015 12:25:48